

# ¿Que é a paz?

## Obxectivos\*

1. **Reflexionar sobre** o concepto de paz, mostrando que este ten un significado máis amplo que o da ausencia de guerra.

## Dinámica\*

### 1. Chuvia de ideas

O profesor ou profesora decidirá se desexa realizar a actividade dividindo a aula en grupos ou traballando en común.

- Os alumnos e alumnas serán animados para que definan o **que é a paz** (deberase facer fincapé en que a paz é moito máis que a ausencia de guerra e en que tenten pensar na paz a partir da súa realidade próxima: non pelexar cos irmáns, non se anoxar cos amigos...)
- As ideas que vaian xurdindo irán sendo apuntadas no encerado, no caso de traballar en común, ou serán apuntadas polos alumnos e alumnas (no caso da Primaria), se se traballar por grupos. Neste último caso, ao finalizar realizarase unha posta en común.
- Cada unha das ideas será reproducida nun papel ou cartolina tamaño cuartilla.

### 2. Debuxo dun símbolo de PAZ

Pedirase aos alumnos e alumnas que debuxen un símbolo de paz que non sexa unha pomba, tamén nun papel ou cartolina tamaño cuartilla.

### 3. Construcción da palabra PAZ

Alternando as cuartillas que conteñen as ideas sobre o que é a paz e as que conteñen os debuxos de símbolos da paz, construírase a palabra PAZ.

### 4. Preparación do acto simbólico

Para finalizar, convidarase os alumnos e alumnas a que pensen palabras ou situacións contrarias á paz. Unha vez recollidas as ideas, deberán escribilas ou debuxalas en papel. Estes papeis serán utilizados para forrar os tetrabriks cos que se construírá o muro no acto simbólico do DENIP.

## Para continuar a traballar na aula:

O esforzo por construír un mundo máis xusto e en paz para todos e todas non se pode limitarse a un día no calendario, é por isto que desde Intermón Oxfam vos facemos outras propostas didácticas para continuar a traballar nesta liña:

- Monográfico **Construamos a paz** (unidade didáctica de 4 horas de duración). Propón unha reflexión sobre conceptos como a paz, a violencia ou o conflito. Pretende avaliar actitudes perante os conflitos para favorecer unha saída cooperativa aos problemas.

Podes descargar este material desde a web en [www.IntermonOxfam.org/educar/monograficos](http://www.IntermonOxfam.org/educar/monograficos) ou compralo a través do teléfono **902 330 331**

- Maleta pedagóxica **Armas baixo Control**. Proposta globalizada composta por diferentes materiais e recursos tanto para o alumnado como para o profesorado. Os obxectivos desta proposta son: coñecer o impacto que as armas representan para as sociedades, fomentar valores e actitudes que contrarresten a cultura da violencia e descubrir alternativas para a resolución pacífica dos conflitos.

A maleta está composta polos seguintes materiais, que poden ser adquiridos de forma conxunta ou individual a través do teléfono **902 330 331**:

- **1 Dossier informativo:** "Vidas destruídas".
- **1 DVD:** Fóra de control
- **4 Cuadernos de traballo:**
  - Ciclo infantil "O agasallo de Memed"
  - Primeiro ciclo: "Unha sorpresa para Rosalina"
  - Segundo ciclo: "Bolboretas de cores"
  - Terceiro ciclo: "Un grito pola paz"
  - 2 Guías didácticas: Infantil e 1.º Ciclo e 2.º e 3.º Ciclo
  - 1 Xincana: "Camiño a Huambo"